

# Uxío Novoneyra


Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

**Uxío Novoneyra**, nado como **Eugenio Novo Neira** en Parada, lugar da parroquia de San Xoán de Seoane do Courel (Folgosos do Courel)<sup>[1]</sup>, o 19 de xaneiro de 1930 <sup>[2]</sup> e finado en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 1999, foi un poeta e escritor galego. Sendo fillo dunha familia de labregos, O Courel foi o principal referente físico para os seus versos, considerados dos mellores no tocante á paisaxística, dentro da literatura galega. Dedicaráselle o Día das Letras Galegas de 2010.

## Índice

- 1 Traxectoria
  - 1.1 Orixe e formación
  - 1.2 Década dos '50
  - 1.3 Década dos '60
  - 1.4 Década dos '70
  - 1.5 Década dos '80
  - 1.6 Década dos '90
- 2 Estilo
- 3 Obra
- 4 Homenaxes
- 5 Notas
- 6 Véxase tamén
  - 6.1 Bibliografía
  - 6.2 Ligazóns externas

**Eugenio Novo Neira**



**Nacemento:** 19 de xaneiro de 1930  
Seoane do Courel, Folgosos do Courel, Lugo  Galicia

**Falecemento:** 30 de outubro de 1999  
Santiago de Compostela  Galicia

**Lingua:** Galego, castelán

**Xénero(s):** Poesía

**Cónxuxe(s):** Elba Rei

## Traxectoria

### Orixe e formación

Os seus pais foron Xosé Novo López, labrego podente, e Manuela Neira Bello, que tiveron tres fillos: José (morto en 1936), Elisa e o propio Uxío.

Estudou o Bacharelato en Lugo, desde 1942 a 1948, e obtivo o título de Bachelor en 1951. Traba amizade con Manuel María en 1945 e con María Mariño Carou en 1947. Tamén coñeceu en Lugo a Luís Pimentel<sup>[3]</sup>.

En 1948 matriculouse por libre na facultade de Filosofía e Letras en Madrid, onde comezou a escribir poemas en castelán, como os publicados na revista universitaria *Bengala*. Coñeceu alí a